La Voz de Galicia MARTES 19 MARZO 2019 • ANO VI - Nº 188 • Correo - liderlugo@lavoz.es

1. Líder BASKET




CB Ría de RIBADEO **45** – Estudiantes Lugo **42**



# XERACIÓN TRICAMPIOA

**O Ría de Ribadeo revalidou o título Provincial cadete feminino.**
O conxunto que dirixe Jose Vázquez suma o terceiro campionato consecutivo, xa que tamén reinaron no baloncesto lucense no último ano de infantís

IV CAMPUS

## Adestramento con Álex Llorca



O próximo domingo 24 de marzo todos os nenos e nenas nadas entre o 2001 e 2011 poden realizar un adestramento co xogador no Anexo

LIGA GALEGA CADETE

## O Ensino reaccionou a tempo no Anexo



ENSINO 55 – 51 BOSCO

LIGA GALEGA JÚNIOR MAS.

## A vitoria máis agridoce da tempada



Estudiantes impúxose a Obradoiro pero non conseguiu remontar o average particular. Se non hai sorpresa maiúscula o traxecto a Zaragoza pasa polos Play Off

LIGA GALEGA JÚNIOR FEM.

## Rosalía, pedra no camiño para as lucenses

O cadro compostelán impúxose no Anexo a Estudiantes, futurible rival nos Play Off e principal ameaza para o Durán Maquinaria Ensino polo podio na clasificación final

# Os Play Off, escala do Estudiantes a Zaragoza

## VITORIA AGRIDOCE tras poñer fin a imbatibilidade de Obradoiro pero non recuperar o average particular, que estaba en oito puntos


Iago encarando a zona compostelá con decisión


Trabado a punto de meter un balón interior


Cabe lanzando a canastra ante tres defensas

Salvo sorpresa maiúscula nas dúas últimas xornadas nas que Obradoiro recibe a Rosalía, terceiro clasificado, no derbi compostelán e viaxa a Ourense, quinto na táboa, o título de Liga irá a Santiago.

Estudiantes impúxose a un Obradoiro que se presentou no Anexo con pleno de vitorias pero os de Marcos López necesitaban superar os oito puntos cos que se impuxeron os composteláns no partido de ida. Houbo opcións, pero ao final a renda foi de catro puntos. Agora os celestes, para ser campións, necesitan gañar os seus dous partidos e que Obradoiro pinche no derbi ante Rosalía ou na súa última saída a Ourense.

De gañar os dous encontros, como se supón, Estudantes fará nos Play Off unha escala para chegar a Zaragoza, onde se disputa este ano o Campionato de España júnior masculino.

> "Muy contento con el trabajo de todos los jugadores en el partido y sobre todo a lo largo de la semana"
> MARCOS LÓPEZ Estudiantes

Tras meses de espera e vitorias consecutivas por parte de ambos equipos chegou o gran día: o duelo directo entre os dous mellores equipos júnior de Galicia xogouse o domingo pola tarde no Anexo.

Estudantes e Obradoiro non especularon e con iso viuse un partidazo no Anexo, con momentos bos e malos de ambos equipos ata chegar con todo por decidir aos minutos finais.

De inicio os equipos tenteáronse sen un dominador claro nos primeiros dez minutos que terminaron con 17-16. No segundo cuarto, Estudiantes viviu os seus peores momentos con perdas de balón que custaron contras e canastras fáciles dun Obradoiro crecido nestes segundos dez minutos nos que lle endosou aos celestes un parcial de 10-21 para chegar ao descanso con 27-37 no marcador.

18 puntos que remontar, pero lonxe de baixar os brazos, Estudiantes, con defensas alternativas e mixtas colapsou o ataque compostelano e empezou a recortar distancias, 18-12 no terceiro parcial, mentres que unha boa posta en escena no último cuarto volveu meter de cheo aos lucenses na loita polo primeiro posto.

Non hai partido grande no que non apareza a polémica e aínda que en liñas xerais os árbitros estiveron moi ben ao longo dun partido con tanta tensión, houbo dúas xogadas claves. Unha falta a Lucas que

| ESTUDIANTES 70 | P. | OBRADOIRO 66 |
|---|---|---|
| Xogador | P. | Xogador |
| Iván | 12 | García |
| Janusevicius | 17 | Nongo |
| Mark | 20 | Hockerup |
| Diego | 2 | Nogueira |
| Lucas | 15 | Pérez |
| Iago | 2 | González |
| Trabado | | Echevarria |
| Olloqui | | Pena |
| Jorge | | Fernández |
| Pedro | | Padrón |
| | | López |

puido ser un dous máis un e poñer a Estudantes con máis 6 de face aos últimos minuto e unha falta a Janusevicius que reclamou Estudiantes e co que se dilapidaron as opcións de remontar o average particular ante un gran rival.

Ao final, sensación agridoce trala vitoria que deixa en mans de Rosalía e Ourense o título de Liga e o pasaporte directo para o Campionato de España, ao que parece que a Estudantes terá que chegar tras facer escala nos Play Off.

# Rosalía crúzase no camiño lucense

## AS COMPOSTELÁS aparecen no horizonte de Estudiantes e Ensino


Candela a punto de dar un pase



Sabela gañando a liña de fondo

| ESTUDIANTES 61 | ROSALÍA 65 |
|---|---|
| Xogadora | Xogadora |
| Ana | Seoane |
| Zeltia | Penedo |
| Eva | Golpe |
| María | López |
| Adriana | García |
| Alba | Rodríguez |
| Sabela | Rama M. |
| Yashina | Rama A. |
| Candela | Liste |
| Alexia | Gómez |

> "En líneas generales no fue nuestro mejor partido y Rosalía jugó muy bien"
> FERNÁN VARELA Estudiantes Lugo

Rosalía aparece no horizonte como unha dor de moas para os dous equipos lucenses na Liga Galega júnior feminina. O conxunto compostelán impúxose no Anexo e mandou unha dobre mensaxe. Primeiro para o Ensino, ao que aínda ten que medirse e ante o que se xogará ser cabeza de serie nos Play Off que organizará Estudiantes en Lugo, e segundo, ás celestes, que agora mesmo serían o seu rival en semifinais e ao que se impuxeron nun partido moi serio.

O certo é que gañou o equipo que máis o necesitaba neste encontro. Rosalía tomou o mando no marcador e suscitou unha defensa zonal ante a que Estudiantes tivo moitos problemas para anotar e cargar o rebote ofensivo. A aparición de Yashina no tramo final fixo que loitasen pola vitoria ata os minutos finais pero Rosalía resistiu o asedio celeste e saíu do Anexo coa vitoria, mandando tamén unha declaración de intencións aos dous equipos lucenses de cara ao desenlace final de tempada.

# O podio pasa polo pleno de vitorias

## O ENSINO depende de sí mesmo pero non ten marxe de erro

| ENSINO 83 | P. | BOSCO 38 |
|---|---|---|
| Xogadora | P. | Xogadora |
| Marina | 24 | Rubio |
| Natalia M. | 4 | Lorenzo |
| Carmen | 20 | Vadillo |
| Leboreiro | 12 | Losada |
| Maite | 10 | Álvarez |
| Natalia G. | 4 | Rapela |
| Any | 3 | Pérez |
| Nuria | 2 | Feijóo |
| Tania | 4 | Carnero |
| | | Fuente |

> "Partido con dos caras en el que cometimos errores de los que vamos a aprender y muchos aciertos que nos harán mejorar"
> MIGUEL LÓPEZ Durán Maquinaria Ensino


Carmen lanzando a canastra ante dúas rivais

O Durán Maquinaria Ensino impúxose con autoridade a Bosco Salesianos no Anexo. As de Miguel López, tralos resultados desta xornada entre os seus rivais directos, malia gañar quédanse sen marxe de erro de face ás dúas últimas xornadas para terminar a Liga regular no terceiro chanzo da clasificación.

Os dous próximos encontros das lucenses serán a domicilio, ante Estudiantes Pontevedra e o último nun cara ou cruz polo podio en Santiago ante Instituto Rosalía, que se impuxo no Anexo a Estudiantes esta xornada.

O Durán Maquinaria Ensino afrontou o encontro con moita concentración e tendo as ideas moi claras, de aí ao parcial de 22-1 co que se pechou o primeiro cuarto no que as lucenses non encaixaron ningunha canastra en xogo.

A boa dinámica continuou no segundo parcial no que as celestes atoparon moitas vías para romper a zona suscitada por Bosco metendo o balón na pintura e anotando con certa facilidade, para chegar ao descanso con 45-11 no marcador.

Con todo visto para sentenza Ensino baixou o listón de intensidade e Bosco respirou un pouco no Anexo, onde o partido terminou sendo un ir e vir ata chegar ao definitivo 83-38 tras dous últimos parciais de 15-10 e 23-17.

# O Ensino voou no último cuarto

## AS DE ADRIÁN GONZÁLEZ impuxéronse a Bosco cunha gran defensa e un parcial final de 19-10



Maite desbordando a unha defensora de Bosco



Any recibe o balón ante unha rival no medio da cancha

| 55 ENSINO | | 51 BOSCO | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Maite | 16 | Lorenzo | |
| Sabela | | Losada | |
| Nerea | | Alonso | |
| Silvia | | Sampayo | |
| Lara | | Pérez, N. | |
| Nuria | 15 | Pérez, A. | |
| Natalia G. | 14 | Sotelo | |
| Any | | Salgado | |
| Lucía | 8 | Carnero | |
| Mencía | 2 | Dias | |

O Cafés Candeas Ensino reaccionou a tempo para impoñerse a Bosco nun partido no que as de Adrián González foron de menos a máis para terminar impoñéndose grazas a unha espectacular defensa nos últimos dez minutos coa que culminaron a remontada que iniciaron no terceiro cuarto.

Con esta vitoria o Ensino engánchase de cheo aos primeiros postos, evitando que Bosco puxese terra polo medio na clasificación.

As sensacións ao comezo do encontro non foron nada boas, con moitos despistes defensivos e falta de comunicación ante un rival entonado que tomou o mando no marcador cun parcial inicial de 12-15.

> "Debemos ser conscientes de lo que queremos"
> ADRIÁN GONZÁLEZ Ensino

No segundo cuarto a defensa lucense continuou facendo augas e o ataque resentiuse diso, encaixando un parcial de 8-14 para chegar ao descanso 20-29.

Ao comezo da segunda parte, as sensacións en defensa non melloraron excesivamente pero o acerto en ataque invitou á remontada, chegando aos últimos dez minutos con 36-41 no marcador.

No último cuarto o Ensino atopou a inspiración total en ataque sen que queimase o balón nas posesións quentes, pero sobre todo a remontada chegou desde a defensa, secando a un Bosco que se viu superado polo Ensino cun parcial final de 19-10.



Nuria encarando a canastra con decisión ante unha rival



Natalia tras capturar un rebote ofensivo no Anexo

# Golpe de autoridade celeste en Tui

## ESTUDIANTES ASALTA O LIDERADO tras asinar un gran encontro

| 65 TUI | | 86 ESTUDIANTES | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Fernández | | Sergio | 2 |
| Díez | | Eloy | 10 |
| Campos | | Jorge | 8 |
| Piñeiro | | Iker | |
| Cuadrado | | Anxo | 13 |
| Piñe | | Garabito | |
| Abunda | | Álvaro | 8 |
| Diéguez | | Olloqui | 16 |
| Carnero | | Dani | 3 |
| Soto | | Pedro | 21 |
| | | Lucas | 3 |

> "Recuperamos las buenas sensaciones en el juego, esperamos seguir mejorando"
> JAVI PEINÓ Estudiantes Lugo



Sergio tratando de entrar a canastra ante un rival

Estudiantes, cun partido máis que Obradoiro, terminou a xornada no máis alto da clasificación tras impoñerse a Tui. Os de Javi Peinó deron un golpe sobre a mesa co marcador final pero tamén sobre a pista ao mostrarse moi superiores.

A concentración coa que empezaron o encontro foi a clave para tomar o mando no marcador cun primeiro parcial de 18-28. O ataque era fluído e en defensa os lucenses concederon moi poucas situacións de desventaja polo que ao descanso mandaban por 17 puntos.

Tui tirou de orgullo ao comezo da segunda metade. Con todo, sen chegar a estar igual de ben que na primeira, Estudiantes conseguiu ampliar as distancias cun terceiro parcial de 18-24 atopando moitas vías para anotar con fluidez.

As porcentaxes de acerto foron menores nos últimos dez minutos fallando tiros liberados polo que Tui conseguiu maquillar un pouco o resultado final cun parcial de 17-12 pero non a superioridade coa que o conxunto celeste se acabou impoñendo neste encontro.

# A defensa estudiantil foi determinante

## A PARTIR DO SEGUNDO CUARTO as celestes secaron a Allariz no Anexo

| 58 ESTUDIANTES | | 50 ALLARIZ | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Toti | | Damarco | |
| Candela | 2 | Fiz | |
| Yashina | 21 | González | |
| Enma | 26 | Fiz, L. | |
| Marta | | Robledo | |
| Claudia | 13 | Rodríguez | |
| Alejandra | | Gómez | |
| Laura F. | 11 | González | |
| Carla | 1 | | |
| Marta R. | 2 | | |
| Cristina | 2 | | |

Estudiantes reencontrouse coa vitoria sumando o seu primeiro triunfo nesta segunda fase tras impoñerse a Allariz no Anexo. O partido empezou con bo ritmo a nivel ofensivo pero con lagoas atrás que propiciaban que as visitantes se mantivesen preto no marcador, 20-17.

Co paso do partido as prestacións en defensa melloraron e con iso ampliáronse as diferenzas, 36-17 ao descanso, mentres que as baixas porcentaxes no tiro ao comezo da segunda parte fixeron soñar coa remontada a Allariz. Pero o tono defensivo de Estudiantes deixou sen marxe de reacción ás visitantes.

> "Es una victoria importante porque veníamos de dos derrotas duras. La necesitábamos y la merecimos"
> SISE PEINÓ Estudiantes



Claudia nunha acción defensiva ante unha rival



Carla trata de entrar na pintura ante unha adversaria

# Estudiantes, a recuperar efectivos, para recibir ao líder

**BOSCO SALESIANOS, INVICTO, VISITA O ANEXO** na próxima xornada na que Ángel Riobóo agarda recuperar aos lesionados Ruano, Ales e Gabi, ademais de Manu, mancado en Vilagarcía

| SILGATEC 62 | | ESTUDIANTES 100 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | P. |
| Direito | | **Miguel** | |
| Rodríguez | | **Cris** | |
| Penas | | **Mani** | |
| Galán | | **Joel** | |
| Martínez | | **Brais** | |
| Pérez | | **Óscar** | |
| Devesa | | **Diego** | |
| García | | **Fabio** | |
| Gómez | | **Ruano** | |
| Ferro | | | |
| Rey | | | |
| Varela | | | |

A boa dinámica pola que atravesa Estudiantes e os adestramentos de calidade da pasada semana guiaron aos celestes ata a vitoria en Vilagarcía pese a contar con tres ausencias e lesionarse Manu ao longo do encontro. Con todo e con iso, os celestes impuxéronse con autoridade e agora esperan recuperar lesionados e manter as boas sensacións de traballo, xogo e resultados a próxima xornada na que o líder da competición e claro aspirante ao título galego, Bosco Salesianos, visita o Anexo.

> "Mucho ánimo a Manu, que se lesionó durante el encuentro. Esperemos que no sea nada importante" ÁNGEL RIOBÓO Estudiantes Lugo

No primeiro cuarto Estudiantes tivo problemas á hora de pechar o rebote defensivo, polo que Silgatec tivo segundas opcións e anotou con certa fluidez. Pese a iso, o primeiro parcial pechouse con 15-21.

Nos segundos dez minutos o equipo lucense gustouse sobre a pista. Púxose o mono de traballo en defensa, pechou o rebote e correu cun xogo dinámico co que romperon o marcador ao seu favor cun parcial de 12-27 co que se chegou ao descanso con 27- 48 no electrónico.

As boas sensacións continuaron na reanudación e Estudiantes foi ampliando aos poucos as distancias ata chegar con máis 36 aos últimos dez minutos. O KO parecía inevitable pero impediuno o mellor xogador local, Víctor Ferro, que con 15 puntos nos últimos dez minutos mantivo o marcador aberto ata o definitivo 62-100.

A nota negativa chegou en forma de lesión. Manu Martínez mancouse no xeonllo esquerdo e está á espera de evolución e diagnóstico para coñecer o alcance da mesma.

Ángel Riobóo intentará recuperar aos catro lesionados para recibir ao completo ao líder a próxima xornada.

**+30**

**2º E 3º CUARTO** En canto Estudiantes pechou o rebote e leu ben o partido para minimizar perdas de balón, despegou no marcador con autoridade

**0**

**DERROTAS EN 16 PARTIDOS** Bosco Salesianos chega ao Anexo sen perder ningún encontro nesta tempada, 14 vitorias na primeira fase e dúas na segunda



Manu, lesionado en Vilagarcía, a punto de dar un pase

## Recompensa no tempo extra

**BURELA REENCONTROUSE COA VITORIA** ante Seis do Nadal

| CB BURELA 76 | | SEIS NADAL 73 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | P. |
| **Carlos** | 23 | Touceiro | |
| **Marcos** | 16 | Fernández | |
| **Pablo** | | Pallares | |
| **Joaquín** | 5 | Tresandi | |
| **Luis** | 16 | Davila | |
| **Daniel** | | Meana | |
| **Álvaro F.** | 5 | Justel | |
| **Raúl** | | Lago | |
| **Diego** | 11 | Villas | |
| | | Marti | |
| | | Tavares | |
| | | Carrera | |



Manolo Cobas dando instrucións nun tempo morto

> "Espero que esta victoria nos sirva para cambiar la dinámica que llevaba el equipo" MANOLO COBAS Academia A Mariña Burela

O Academia A Mariña Burela volveu á senda da vitoria con moitísimo suspense tras poñer fin á resistencia de Seis do Nadal en Vista Alegre no tempo extra. O partido decidiuse nos cinco minutos de prórroga nos que os de Manolo Cobas se fixeron fortes na pintura pechando rebotes e con acerto nos tiros libres.

Ata entón a igualdade reinou sobre a pista con dous primeiros cuartos moi parellos, 15-12 e 20-21, marcados polas imprecisións no xogo e por momentos exceso de individualidade.

Tralo descanso Burela conseguiu chegar aos últimos dez minutos con máis 4 no marcador, pero Seis do Nadal circulou mellor o balón no último cuarto e con iso os visitantes forzaron o tempo extra cun parcial de 13-17.

Burela sacou a súa versión máis fiable na prórroga na que cargou o rebote ofensivo e pechou o defensivo para evitar segundas opcións do rival, mentres que o acerto no tiro libre guiounos ata a vitoria cun último parcial de 8-5 nos cinco minutos de engadido para deixar o marcador en 76-73.

**Próxima xornada**

O Academia A Mariña Burela viaxa a próxima semana a Ourense, onde os de Manolo Cobas se medirán co terceiro clasificado desta segunda fase da Liga.

## Unha loita desigual en Navia

**AS BAIXAS** de Sara e Marta lastraron a Estudiantes ante Celta

| CELTA 68 | | ESTUDIANTES 27 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Galbán | | **Candela** | |
| Martínez | | **Celia** | |
| Urdiales | | **Iria** | |
| Costas | | **L. Martín** | |
| Vázquez | | **Nerea** | |
| González | | **Naiara** | |
| Rodríguez | | **María** | |
| Aira | | **Lucía** | |
| Vecina | | **L. Mesa** | |
| Fiel | | **Carolina** | |
| Godfrey | | | |
| Campos | | | |



Candela levando a pelota nun partido no Anexo

> "Partido sin mucha historia" JULIA PENA Estudiantes Lugo

Estudiantes presentouse no pavillón de Navia para medirse co Celta de Vigo moi mermado polas ausencias, xa que nin Sara nin Marta puideron disputar o encontro por lesión.

Todo iso unido ao potencial físico das viguesas fixo que a loita fose desigual ao longo dos corenta minutos nos que Estudiantes competiu durante o primeiro cuarto a base de entrega e esforzo ante un Celta con baixas porcentaxes de acerto nun primeiro parcial que se pechou con 20-13.

No segundo cuarto a Estudiantes acumulóuselle o cansazo e custoulle ver aro, polo que tras un parcial de 12-4 chegouse ao descanso con 32-17 no marcador.

A segunda parte foi un traxecto duro para Estudiantes. As precipitacións provocaban perdas ante un Celta que dominaba o rebote e dispoñía se segundas e ata terceiras opcións de tiro, co que foron ampliando o marcador ata o definitivo 68-27.

As ausencias de Marta e Sara condicionaron un encontro de claro dominio local e do que o conxunto de Julia Pena espera recuperarse canto antes para recibir da mellor forma posible na próxima xornada a Carmelitas, último clasificado, ante o que buscarán a súa primeira vitoria nesta segunda fase.

# Maristas volve a estar en boca de todo o baloncesto galego

**OS DE RUBÉN ENGROBA** tamén asaltaron a pista de Porriño e consolídanse na segunda posición. Os colexiais son o único equipo do grupo que debuta no Campionato Galego preinfantil

> "Aún ganando, necesitamos y podemos dar una mejor versión a nivel colectivo" RUBÉN ENGROBA Maristas Lugo

| PORRIÑO 52 | Pts. | MARISTAS 61 | P. |
|---|---|---|---|
| Martínez | | Mauro | |
| Abalde | | Néstor | 11 |
| Viño | | Samuel | |
| Castro | | David | 5 |
| Fernández | | Gabriel | 14 |
| Lorenzo | | Alexis | |
| Romero | | Jorge | 2 |
| Gómez | | Julián | 27 |
| Castro | | Carlos | 2 |
| Capellán | | | |

**2**

**VITORIAS CONSECUTIVAS** tras impoñerse na xornada inaugural a Tui, os colexiais gañaron en Porriño e chegan á próxima cita en Vigo coa intención de poñer terra polo medio na clasificación con Novobásket.



Julián, que neste encontro asinou 27 puntos, a punto de asistir a un compañeiro

Maristas deixou de ter a etiqueta de equipo revelación fai tempo. Os de Rubén Engroba, tras superar un baixón ao final da primeira fase na que encadearon catro derrotas consecutivas cando xa estaban clasificados para a seguinte rolda, debutan no Galego Preinfantil con dúas vitorias en dous encontros que os sitúan no segundo posto da clasificación.

A campanada ante Tui vólvese máis terrenal tras impoñerse en Porriño nun partido máis efectivo que vistoso dos lucenses. Coa folla de ruta marcada para frear os focos de anotación locais, que ademais se cargaron moi pronto de faltas, Maristas tomou o mando no marcador cun parcial inicial de 10-20.

Julián e Néstor asumiron a responsabilidade en ataque e tralo descanso o equipo púxose o mono de traballo en defensa, reboteando e correndo, ata chegar a dispoñer dunha diferenza máxima de 22 puntos no terceiro cuarto.

Na recta final, Porriño apurou as súas opcións e deixou a distancia en 15 puntos de face aos últimos dez minutos.

O rival puxo o seu mellor quinteto en pista, defendendo a Julián en individual. Nunha acción puntual o xogador lucense recibiu un golpe e tivo que retirarse ao banquiño.

As alarmas acendéronse cando Porriño se puxo a tan só sete puntos, pero nos momentos máis complicados Maristas soubo manter a calma e, da man de Gabriel e Néstor anotando canastras decisivas, Maristas saíu airoso.

Os de Rubén Engroba non volverán á competición ata dentro de quince días ao aprazar o seguinte encontro no que se medirán en Vigo a Novobásket. De gañar, os colexiais, porían a clasificación patas arriba con catro vitorias sobre os vigueses.

## Derrota, pero das que fortalecen

**ESTUDIANTES** rematou coas 5 xogadoras dispoñibles na pista

| CARMELITAS 65 | Pts. | ESTUDIANTES 56 | Pts. |
|---|---|---|---|
| Tabares | | L. Martín | |
| Llano | | Ana | |
| Viso | | María | |
| Conde | | P. Álvarez | |
| Gómez | | Aroa | |
| Rodríguez | | Daniela P. | |
| Soldevilla | | Sara | |
| Callo | | P. López | |
| Soto | | Daniela G. | |



Sara Pedreira elévase para anotar ante unha rival

A versión máis cruel estase cebando con Estudiantes neste tramo de competición no que as lesións están mermando ás lucenses. A última en caer foi Lucía tralo golpe da semana pasada que terminou sendo unha fisura.

Lonxe de lamentarse, o equipo afrontou o partido con nove xogadoras, das que catro foron expulsadas por faltas, terminando en pista as únicas cinco dispoñibles para Gemma, e que deron un recital de acerto e entrega.

De saída, Estudiantes tomou o mando no marcador cun primeiro parcial de 10-12, pero no segundo chegou un apagón ofensivo con varios minutos sen anotar que aproveitaron as locais para tomar as rendas ao descanso con 32-25.

> "Ha sido un partido difícil pero pese a la derrota me voy muy orgullosa de como ha peleado el equipo. Cuando las cosas se ponen difíciles es cuando debemos demostrar el gran equipo que somos" GEMMA SOUTO Estudiantes Lugo

O conxunto celeste continuou con problemas para anotar no terceiro parcial no que Carmelitas chegou a ter unha vantaxe máxima de 23 puntos, co engadido de que aos dez últimos minutos as lucenses quedaron en catro cunha xogadora expulsada á que se engadiron tres máis nos últimos dez minutos. Pese a iso, cando peor pintaban as cousas, Estudiantes sacou o seu xene gañador e amagou ata coa remontada tras poñerse a tan só 6 puntos de diferenza.

## Estudiantes exhibe potencial en Tui

**CLARA E CONTUNDENTE VITORIA** con Brais e Serguei imparables

| TUI 50 | Pts. | ESTUDIANTES 95 | P. |
|---|---|---|---|
| Vaz | | Brais | 31 |
| Villot | | Dani | 4 |
| Diéguez | | Leo | |
| González | | Bernal | 3 |
| Fontela | | Rozas | 4 |
| Groba | | Serguei | 31 |
| Sanz | | Antón | 10 |
| Campos | | Mario | 10 |
| Gallego | | Isma | |
| | | Mateo | |
| | | Pablo | 2 |
| | | Santi | |



Rozas e Isma tratando de frear a un adversario

Estudiantes volveu demostrar que non fai prisioneiros. Ao seu paso por Tui os celestes impuxéronse con autoridade enchendo o depósito de confianza tras unha nova vitoria consecutiva, e xa van 11 seguidas.

Ante Tui podería aparecer certa relaxación ao visitar a pista do último clasificado. Con todo, a forma de afrontar o encontro foi a mellor posible, con intensidade e acerto para desnivelar desde os primeiros minutos o marcador ao seu favor cun parcial inicial de 15-24.

> "Enhorabuena a los chicos por el partido que disputaron" NICO FDEZ. Estudiantes

Tui opuxo resistencia no segundo parcial, intentando chegar con vida ao descanso e conseguiuno co 30-39 que reflectía o marcador.

Trala tregua do intermedio, Estudiantes impuxo un nivel de esixencia que os rivais non puideron manter e o partido rompeuse con dous parciais de 10-26 e 10-21 cos que os de Nico Fernández saíron de Tui cun claro e contundente 50-95.

Estudiantes, cunha impresionante dinámica de xogo e resultados, asina 11 vitorias consecutivas que se poñerán a proba a próxima xornada no Anexo ante Marín, líder da competición pero que xa sabe o que é perder en Lugo esta tempada.

Estudiantes ten a oportunidade de presentar seriamente a súa candidatura ao título Galego nunha cita de alturas no Galego preinfantil.

1 Líder

# CLASIFICACIÓNS » Primeira e Segunda División

## JÚNIOR 1º DIV. MASCULINA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Tui – PBB A | 71-60 |
| Rosalia – B. Ferrol | 75-69 |
| C. Ourense – Blanco Amor | 66-69 |
| Seis Nadal – B. Coruña | 70-50 |
| Sigaltec – Bosco | 57-69 |
| Estudiantes – Obradoiro | 70-66 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 20 | 19 | 1 | 0 | 1626 | 1052 |
| **ESTUDIANTES** | **20** | **19** | **1** | **0** | **1824** | **1264** |
| ROSALÍA | 20 | 13 | 7 | 0 | 1516 | 1400 |
| TUI SETA | 20 | 12 | 8 | 0 | 1447 | 1378 |
| BASKET FERROL | 20 | 11 | 9 | 0 | 1410 | 1330 |
| CLUB OURENSE | 20 | 10 | 10 | 0 | 1271 | 1342 |
| SIGALTEC | 20 | 10 | 10 | 0 | 1249 | 1367 |
| BOSCO | 20 | 8 | 12 | 0 | 1257 | 1236 |
| PBB A | 20 | 7 | 13 | 0 | 1181 | 1400 |
| SEIS DO NADAL | 20 | 6 | 14 | 0 | 1176 | 1466 |
| B. CORUÑA | 20 | 3 | 17 | 0 | 1189 | 1565 |
| BLANCO AMOR | 20 | 2 | 18 | 0 | 1169 | 1515 |

### PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - Bosco · PBB A - Sigaltec
Obradoiro - Rosalia · B. Ferrol - B. Amor
C. Ourense - Seis Nadal · B. Coruña - Tui

## JUNIOR 2º DIV. MASC. G-I

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Esclavas – Culleredo | --- |
| Ribadeo – B. Coruña | 50-71 |
| H. Ferreiro – Carballo | 45-73 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CARBALLO | 7 | 7 | 0 | 0 | 511 | 254 |
| BASQUET CORUÑA | 7 | 6 | 1 | 0 | 475 | 378 |
| **HIERROS FERREIRO** | **7** | **3** | **4** | **0** | **329** | **444** |
| KFC CULLE | 6 | 3 | 3 | 0 | 419 | 275 |
| **RIA DE RIBADEO** | **7** | **1** | **6** | **0** | **295** | **506** |
| ESCLAVAS | 6 | 0 | 6 | 0 | 272 | 444 |

### PRÓXIMA XORNADA

Culleredo - H. Ferreiro · B. Coruña - Carballo
Esclavas - Ribadeo

## JUNIOR 2º DIV. MASC. G-II

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Baxi Ferrol – Cambre | 79-65 |
| Estudiantes – Betanzos | 80-70 |
| CB Viveiro – Narón | 58-39 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **7** | **6** | **1** | **0** | **508** | **387** |
| BETANZOS | 7 | 4 | 3 | 0 | 469 | 461 |
| BALONCESTO NARON | 7 | 3 | 4 | 0 | 383 | 454 |
| BAXI FERROL | 7 | 3 | 4 | 0 | 468 | 450 |
| **C. B. VIVEIRO** | **7** | **3** | **4** | **0** | **376** | **402** |
| CARS CAMBRE | 7 | 2 | 5 | 0 | 438 | 488 |

### PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - Betanzos · CB Viveiro - Narón
Baxi Ferrol - Cambre

## JUNIOR 2º DIV. MASC. G-III

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Liceo – Burela | 58-76 |
| B. Coruña – Arteixo | 37-77 |
| Mª del Mar – BBCA | 62-60 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| MARISTAS CORUÑA | 4 | 4 | 0 | 0 | 256 | 191 |
| SANTA Mª DEL MAR | 4 | 3 | 1 | 0 | 244 | 201 |
| LOS ROSALES | 3 | 3 | 0 | 0 | 244 | 151 |
| CB ARTEIXO | 4 | 2 | 2 | 0 | 223 | 202 |
| LICEO LA PAZ | 5 | 1 | 4 | 0 | 320 | 321 |
| **BURELA JUV MASC** | **3** | **2** | **1** | **0** | **223** | **180** |
| BBCA CARIÑO | 4 | 0 | 4 | 0 | 171 | 299 |
| BÁSQUET CORUÑA | 3 | 0 | 3 | 0 | 128 | 264 |

### PRÓXIMA XORNADA

BBCA - Liceo · B. Coruña - Maristas
Los Rosales - Arteixo

## CADETE 2ª MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ensino – Sagrado | 79-36 |
| Est. Rojo – Ribadeo | Apr. |
| Design Sarria – MGR Sarria | Apr. |
| San Ciprian – Est. Azul | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| SAN CIPRIAN | 13 | 12 | 1 | 0 | 904 | 532 |
| ENSINO LUGO | 14 | 9 | 5 | 0 | 807 | 607 |
| C.B. RIA DE RIBADEO | 13 | 9 | 4 | 0 | 969 | 648 |
| ESTUDIANTES AZUL | 12 | 10 | 2 | 0 | 797 | 633 |
| C. B. VIVEIRO | 14 | 8 | 6 | 0 | 806 | 730 |
| MGR C. B. SARRIA | 14 | 5 | 9 | 0 | 738 | 796 |
| A.X. SAGRADO | 15 | 3 | 12 | 0 | 667 | 969 |
| ESTUDIANTES ROJO | 12 | 4 | 8 | 0 | 660 | 706 |
| DESIGN C. B. SARRIA | 13 | 0 | 13 | 0 | 358 | 1085 |

### PRÓXIMA XORNADA

San Ciprian - Est. Rojo · MGR Sarria - Ensino
Design Sarria - Ribadeo · CB Viveiro - Est. Azul

## CADETE 1º DIV. MASC. A-1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Obradoiro – Seis Nadal | 81-51 |
| Culleredo – Novobasket | 65-66 |
| CB Tui – Estudiantes | 65-83 |
| Rosalia – Peleteiro | 82-69 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **9** | **6** | **3** | **0** | **732** | **691** |
| C.B. TUI | 8 | 6 | 2 | 0 | 591 | 558 |
| OBRADOIRO | 8 | 6 | 2 | 0 | 586 | 495 |
| NOVOBASKET | 9 | 5 | 4 | 0 | 637 | 649 |
| ROSALIA CASTRO | 8 | 5 | 3 | 0 | 630 | 564 |
| PELETEIRO | 8 | 3 | 5 | 0 | 584 | 616 |
| SEIS DO NADAL | 8 | 1 | 7 | 0 | 480 | 552 |
| KFC CULLE | 8 | 1 | 7 | 0 | 471 | 586 |

### PRÓXIMA XORNADA

CB Tui - Rosalia · Novobasket - Obradoiro
Seis Nadal - Estudiantes · Peleteiro - Culleredo

## PREINFANTIL MASC. A-1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| PBB B – Maristas Lugo | 52-61 |
| CB Tui – Estudiantes | 50-95 |
| Novobasket – Narón | 59-62 |
| Marin – Culleredo | 55-52 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| MARIN | 8 | 7 | 1 | 0 | 498 | 425 |
| **MARISTAS LUGO** | **8** | **6** | **2** | **0** | **485** | **501** |
| NARON | 8 | 5 | 3 | 0 | 483 | 413 |
| **ESTUDIANTES** | **8** | **5** | **3** | **0** | **527** | **444** |
| NOVOBASKET | 8 | 3 | 5 | 0 | 521 | 474 |
| PBB "B" | 8 | 2 | 6 | 0 | 453 | 504 |
| KFC CULLE | 7 | 2 | 5 | 0 | 394 | 440 |
| C.B. TUI | 7 | 1 | 6 | 0 | 400 | 560 |

### PRÓXIMA XORNADA

Culleredo - PBB B · Narón - CB Tui
Estudiantes - Marín · Novobasket - Maristas

## MINIBASKET 2ª MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| M. Auxiliadora – Est. Rojo | 65-15 |
| Ribadeo – CB Sarria | 23-74 |
| Cidade – Est. Azul | 59-48 |
| Celtas – Galén Ensino | --- |
| CB Viveiro – Franciscanos | --- |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CIDADE DE LUGO | 12 | 11 | 1 | 0 | 604 | 340 |
| CB CELTAS | 11 | 11 | 0 | 0 | 769 | 208 |
| EST. AZUL | 12 | 8 | 4 | 0 | 602 | 485 |
| C. B. SARRIA | 12 | 6 | 6 | 0 | 522 | 508 |
| M. AUXILIADORA | 12 | 6 | 6 | 0 | 545 | 462 |
| CB VIVEIRO | 10 | 6 | 4 | 0 | 522 | 360 |
| GALEN ENSINO | 11 | 4 | 7 | 0 | 457 | 492 |
| EST. ROJO | 11 | 3 | 8 | 0 | 346 | 592 |
| CB RIA DE RIBADEO | 12 | 1 | 11 | 0 | 184 | 664 |
| FRANCISCANOS | 11 | 1 | 10 | 0 | 209 | 649 |

### PRÓXIMA XORNADA

Franciscanos - M. Aux. · Galén Ensino - CB Viveiro
Est. Rojo - Cidade · Celtas - Ribadeo
Est. Azul - CB Sarria

## PREMINI 2º MASCULINO G-A

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Est. Azul – Est. Rojo | 65-53 |
| Maristas – CB Sarria | 6-56 |
| CB Viveiro – Burela | 14-64 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES AZUL | 6 | 6 | 0 | 0 | 408 | 172 |
| C. B. SARRIA | 6 | 5 | 1 | 0 | 321 | 165 |
| ESTUDIANTES ROJO | 7 | 4 | 3 | 0 | 380 | 317 |
| BURELA | 7 | 3 | 4 | 0 | 367 | 326 |
| MARISTAS LUGO | 7 | 2 | 5 | 0 | 212 | 399 |
| C. B. VIVEIRO | 7 | 0 | 7 | 0 | 97 | 406 |

### PRÓXIMA XORNADA

Est. Rojo - Maristas · Burela - Est. Azul
CB Sarria - CB Viveiro

## PREMINI 2º MASCULINO G-B

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Franciscanos – Galén E. | 20-71 |
| Galén Naranja – Est. Blanco | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CIDADE DE LUGO | 6 | 6 | 0 | 0 | 319 | 175 |
| GALEN ENSINO | 6 | 3 | 3 | 0 | 269 | 220 |
| EST. BLANCO | 5 | 2 | 3 | 0 | 220 | 201 |
| FRANCISCANOS | 5 | 2 | 3 | 0 | 149 | 235 |
| GALEN NARANJA | 4 | 0 | 4 | 0 | 77 | 203 |

### PRÓXIMA XORNADA

Cidade - Franciscanos · Galén E. - G. Naranja

## INFANTIL 1ª DIV. MASC. A-1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Sigaltec – Estudiantes | 62-100 |
| Bosco – Rosalia | 61-56 |
| Marin – B. Coruña | 57-67 |
| Novobasket – Culleredo | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BOSCO | 8 | 8 | 0 | 0 | 571 | 430 |
| INSTITUTO ROSALÍA | 8 | 6 | 2 | 0 | 571 | 497 |
| **ESTUDIANTES** | **8** | **5** | **3** | **0** | **626** | **573** |
| MARIN | 8 | 4 | 4 | 0 | 487 | 466 |
| KFC CULLE | 7 | 4 | 3 | 0 | 497 | 474 |
| BASQUET CORUÑA I | 8 | 2 | 6 | 0 | 526 | 551 |
| NOVOBASKET | 7 | 2 | 5 | 0 | 443 | 468 |
| SIGALTEC | 8 | 0 | 8 | 0 | 381 | 643 |

### PRÓXIMA XORNADA

Rosalia - Marin · Culleredo - Sigaltec
B. Coruña - Novobasket · Estudiantes - Bosco

## INFANTIL 1ª DIV. MASC. A-2

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Peleteiro – PPB A | 62-48 |
| Maristas – R. Ourense | 56-67 |
| B. Ferrol – B. Amor | 64-53 |
| Burela – Seis Nadal | 76-73 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PELETEIRO | 8 | 8 | 0 | 0 | 512 | 254 |
| PBB A | 8 | 6 | 2 | 0 | 490 | 439 |
| SEIS DO NADAL | 8 | 5 | 3 | 0 | 553 | 465 |
| RIO OURENSE | 8 | 5 | 3 | 0 | 487 | 469 |
| **BURELA 05 MASC.** | **8** | **4** | **4** | **0** | **484** | **403** |
| BASKET FERROL | 8 | 4 | 4 | 0 | 410 | 486 |
| EDO BLANCO AMOR | 8 | 0 | 8 | 0 | 320 | 507 |
| MARISTAS | 8 | 0 | 8 | 0 | 315 | 548 |

### PRÓXIMA XORNADA

Seis Nadal - Peleteiro · B. Amor - Maristas
R. Ourense - Burela · PBB A - B. Ferrol

## INFANTIL 2º DIV. MASC.

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Sagrado – Est. 05 | 76-53 |
| Cidade – Elev. Sarria | 73-23 |
| Ribadeo – MGR Sarria | 54-55 |
| Burela – Candelas Ensino | 41-87 |
| CB Viveiro – Franciscanos | 30-65 |
| Est. 06 – Celtas | 38-68 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| SAGRADO | 17 | 16 | 1 | 0 | 1181 | 772 |
| CANDELAS ENSINO | 17 | 15 | 2 | 0 | 1140 | 617 |
| ELTAS | 17 | 14 | 3 | 0 | 1171 | 801 |
| CB RIA RIBADEO | 17 | 11 | 6 | 0 | 1090 | 832 |
| MGR C. B. SARRIA | 17 | 10 | 7 | 0 | 947 | 814 |
| CIDADE DE LUGO | 17 | 10 | 7 | 0 | 933 | 840 |
| BURELA 06 MASC | 17 | 8 | 9 | 0 | 821 | 1021 |
| FRANCISCANOS | 17 | 6 | 11 | 0 | 812 | 945 |
| ESTUDIANTES 05 | 17 | 6 | 11 | 0 | 856 | 1093 |
| VIVEIRO | 17 | 4 | 13 | 0 | 841 | 1021 |
| ESTUDIANTES 06 | 17 | 1 | 16 | 0 | 561 | 1087 |
| AG C. B. SARRIA | 17 | 1 | 16 | 0 | 612 | 1122 |

### PRÓXIMA XORNADA

Est. 05 - Est. 06 · Celtas - Burela 06
Candelas Ensino - Viveiro · Elev. Sarria - MGR Sarria
Franciscanos - Cidade · Sagrado - Ribadeo

## MINI 1º DIV. MASC. A-1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Rosalia – B. Ferrol | 74-58 |
| Narón – Obradoiro | 78-77 |
| B. Coruña – Estudiantes | 90-68 |
| MGR Sarria – Peleteiro | 40-79 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PIO XII ROSALIA | 7 | 7 | 0 | 0 | 588 | 371 |
| BASKET FERROL | 7 | 6 | 1 | 0 | 521 | 374 |
| NARÓN | 7 | 5 | 2 | 0 | 523 | 436 |
| OBRADOIRO CAB | 7 | 4 | 3 | 0 | 497 | 529 |
| BASQUET CORUÑA | 7 | 3 | 4 | 0 | 519 | 509 |
| **ESTUDIANTES** | **7** | **2** | **5** | **0** | **420** | **521** |
| PELETEIRO | 7 | 1 | 6 | 0 | 412 | 531 |
| **MGR CB SARRIA** | **7** | **0** | **7** | **0** | **364** | **573** |

### PRÓXIMA XORNADA

Narón - B. Coruña · MGR Sarria - Rosalia
Estudiantes - Peleteiro · B. Ferrol - Obradoiro

## JÚNIOR 1º DIV. FEMININA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cortegada – C. Maria | 72-73 |
| Arxil – PBB A | 56-39 |
| Duran Ensino – Bosco | 83-38 |
| RC Celta – Maristas | 85-39 |
| Peleteiro – E. Pontevedra | 81-52 |
| Estudiantes – Rosalia | 61-65 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA ZORKA | 20 | 20 | 0 | 0 | 1636 | 726 |
| **ESTUDIANTES** | **19** | **16** | **3** | **0** | **1403** | **896** |
| **DURAN ENSINO** | **20** | **14** | **6** | **0** | **1316** | **1073** |
| PELETEIRO | 20 | 13 | 7 | 0 | 1187 | 1004 |
| ROSALIA PIO XII | 19 | 13 | 6 | 0 | 1275 | 1112 |
| CORTEGADA | 20 | 10 | 10 | 0 | 1098 | 1179 |
| BOSCO | 19 | 9 | 10 | 0 | 954 | 1099 |
| COMPAÑIA MARIA | 19 | 8 | 11 | 0 | 1049 | 1191 |
| MARISTAS | 20 | 6 | 14 | 0 | 1126 | 1410 |
| ARXIL A | 20 | 6 | 14 | 0 | 875 | 1306 |
| PBB A | 20 | 2 | 18 | 0 | 968 | 1407 |
| EST. PONTEVEDRA | 20 | 1 | 19 | 0 | 859 | 1343 |

### PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - C. Maria · Rosalia - Peleteiro
PBB A - Cortegada · Arxil - Maristas
E. Pontevedra - D. Ensino · Bosco - RC Celta

## CADETE 1º DIV. FEM. A-1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Rosalia – RC Celta | 52-72 |
| BBCA – Franciscanas | 65-59 |
| C. Ensino – Bosco | 55-51 |
| Estudiantes – Allariz | 58-50 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA ZORKA | 8 | 8 | 0 | 0 | 626 | 418 |
| ROSALIA PIO XII | 9 | 6 | 3 | 0 | 566 | 480 |
| BOSCO SALESIANOS | 9 | 5 | 4 | 0 | 522 | 557 |
| **ESTUDIANTES** | **9** | **5** | **4** | **0** | **524** | **529** |
| **CANDELAS ENSINO** | **9** | **4** | **5** | **0** | **509** | **494** |
| FRANCISCANAS VIGO | 9 | 3 | 6 | 0 | 518 | 578 |
| BBCA VILAR | 8 | 3 | 5 | 0 | 435 | 518 |
| ALLARIZ OURENSE | 9 | 1 | 8 | 0 | 461 | 587 |

### PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - RC Celta · Allariz - BBCA
Bosco - Rosalia · Franciscanas - C. Ensino

## INFANTIL 2ª DIV. FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| G. Ensino – T. Mariña | --- |
| CB Viveiro – Burela 05 | 31-80 |
| Sarria – Ensino | 31-57 |
| Estudiantes – Cidade | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ENSINO LUGO | 13 | 13 | 0 | 0 | 800 | 242 |
| BURELA 05 FEM | 13 | 11 | 2 | 0 | 716 | 381 |
| ESTUDIANTES | 12 | 8 | 4 | 0 | 630 | 518 |
| C. B. SARRIA | 13 | 7 | 6 | 0 | 581 | 558 |
| FRANCISCANOS | 12 | 6 | 6 | 0 | 458 | 530 |
| VIVEIRO | 14 | 3 | 11 | 0 | 432 | 746 |
| CIDADE DE LUGO | 12 | 4 | 8 | 0 | 395 | 549 |
| GALEN ENSINO | 12 | 3 | 9 | 0 | 322 | 559 |
| TERRAS DA MARIÑA | 13 | 2 | 11 | 0 | 462 | 713 |

### PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - CB Viveiro · G. Ensino - Stos. Sarria
Cidade - Ensino Lugo · T. Mariña - Franciscanos

## MINI 1º DIV. MASC. A-2

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Culleredo – BBCA | 70-71 |
| Liceo – Ribadeo | 88-60 |
| Montrove – Maristas Lugo | 53-34 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| MONTROVE A | 7 | 5 | 2 | 0 | 411 | 347 |
| KFC CULLE | 7 | 5 | 2 | 0 | 500 | 415 |
| BBCA DE PONZOS | 5 | 5 | 0 | 0 | 381 | 228 |
| CB LICEO DE NOIA | 7 | 2 | 5 | 0 | 421 | 450 |
| JESUITINAS | 6 | 2 | 4 | 0 | 213 | 287 |
| **MARISTAS LUGO** | **5** | **2** | **3** | **0** | **258** | **339** |
| **RIA DE RIBADEO** | **5** | **0** | **5** | **0** | **217** | **335** |

### PRÓXIMA XORNADA

Maristas Lugo - Jesuitinas · Ribadeo - Culleredo
BBCA - Montrove

## INFANTIL 1ª DIV. FEM. A-1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Celta – Estudiantes | 68-27 |
| Carmelitas – Giraldo | 46-58 |
| Allariz – Cortegada | 64-32 |
| Bosco – Peleteiro | 53-41 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BOSCO SALESIANOS | 8 | 7 | 1 | 0 | 526 | 351 |
| PELETEIRO | 8 | 7 | 1 | 0 | 543 | 326 |
| CELTA ZORKA | 7 | 6 | 1 | 0 | 481 | 321 |
| CB ALLARIZ | 8 | 4 | 4 | 0 | 501 | 438 |
| **ESTUDIANTES** | **8** | **3** | **5** | **0** | **433** | **503** |
| GIRALDO CBV | 7 | 3 | 4 | 0 | 354 | 411 |
| CORTEGADA | 8 | 1 | 7 | 0 | 384 | 532 |
| CARMELITAS 05 | 8 | 0 | 8 | 0 | 234 | 574 |

### PRÓXIMA XORNADA

Peleteiro - Allariz · Cortegada - Celta
Estudiantes - Carmelitas · Giraldo - Bosco

## PREINFANTIL FEM. A-1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Carmelitas – Estudiantes | 65-56 |
| Celta – Porto do Son | 59-9 |
| Seis Nadal – BBCA | 20-70 |
| C. Maria – Cortegada | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CELTA ZORKA | 8 | 7 | 1 | 0 | 500 | 270 |
| **ESTUDIANTES** | **8** | **6** | **2** | **0** | **489** | **387** |
| BBCA CHAMORRO | 8 | 6 | 2 | 0 | 471 | 395 |
| CARMELITAS 2006 | 8 | 6 | 2 | 0 | 435 | 401 |
| CIA.MARIA VIGO | 7 | 4 | 3 | 0 | 316 | 345 |
| CORTEGADA | 7 | 2 | 5 | 0 | 380 | 395 |
| PORTO DO SON | 8 | 0 | 8 | 0 | 301 | 492 |
| SEIS DO NADAL | 8 | 0 | 8 | 0 | 298 | 505 |

### PRÓXIMA XORNADA

Porto do Son - Seis Nadal · Estudiantes - C. Maria
Cortegada - Celta · BBCA - Carmelitas

## MINI 1º DIV. FEMININO A-1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Coruña – Cluny | 64-13 |
| Baxi Ferrol – BBCA | 36-87 |
| Estudiantes – Rosalia | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BBCA DONIÑOS | 5 | 5 | 0 | 0 | 354 | 227 |
